

# O excepcionalismo americano na era de Obama

*Jared D. Larson*

**N**ingún escrito sobre o excepcionalismo americano define en que maneira Estados Unidos é diferente do resto das maiores democracias occidentais do mundo. Non obstante, tal constatación non é nada novo. Na bibliografía específica, moitos autores documentan paradoxos, inconsistencias e verdadeiras hipocrisías que Estados Unidos (o goberno e o pobo) demostrou historicamente e continúa a exhibir hoxe en día. Aínda que un gran número de temas tratados na bibliografía están claramente relacionados entre si, tamén parecen existir tantas probas sobre o excepcionalismo americano como autores que escriben sobre elas. En poucas palabras, non hai consenso sobre como os Estados Unidos son tan diferentes do resto do mundo, polo tanto, moitos tratamentos do excepcionalismo americano son semellantes só no seu matiz e na súa diversidade.

Un exemplo recorrente do excepcionalismo, que adquiriu unha maior relevancia grazas ás eleccións de 2008, é como Estados Unidos se presenta tanto como o máis avanzado da modernidade como tamén apegado a un ideal de tradicionalismo fóra de lugar con respecto ó resto do mundo desenvolvido.<sup>(1)</sup> O propósito da presente investigación será determinar, como tanta xente ó redor do mundo discute (e espera), se os EE.UU van seguir sendo excepcionais e se o van ser dunha maneira máis aceptable co goberno de Obama, a diferenza do seu predecesor. Demostrarei agora como algunhas manifestacións tradicionais do excepcionalismo dos Estados Unidos, tales como o nacionalismo americano, o capitalismo liberalizado e imperturbable, a relixión e desconfianza cara ó goberno, por exemplo, poderían ter un enfoque diferente con Barack Obama como un presidente moderno que é, a diferenza dunha figura presidencial máis tradicional representada por George W. Bush. Despois de examinar algúns exemplos do excepcionalismo dos EE.UU, intentarei identificar catro fontes ideolóxicas claves para explicar ese comportamento político e social. Lamento ter que comentar que, mentres a elección de Obama ofrece un novo e refrescante comezo para a imaxe dos Estados Unidos no mundo, estou de acordo coa hipótese de John Kingdon que sostén que as pouco comúns institucións americanas proporcionan un centro de gravidade ideolóxico que só facilitará como moito un cambio gradual, asegurando a duradeira excepcionalidade dos Estados Unidos dunha maneira indistinguible, independentemente de quen ocupe a Casa Branca.

---

(1) Como un exemplo anticipado da excepcionalidade americana como un Estado que non está politicamente subdesenvolvido pero tampouco totalmente modernizado, ver HUNTINGTON, Samuel P.: "Political Modernization: America vs. Europe," *World Politics*, Num. 18, April 1966, pp. 559-591.

## As manifestacións do excepcionalismo

O que rapidamente queda claro para aqueles que buscan conseguir un mellor entendemento do excepcionalismo americano é que parece non haber unha definición propia do que é. Mentres que o concepto ten compoñentes identificables e correntes ideolóxicas, o seu significado exacto volveuse impreciso e a súa fonte perdeuse na consideración cotiá do fenómeno. Unha idea similar que tamén foi repetida e que agora se atopa nun constante estado de cambio, de acordo co cambio de contextos, é o termo “fundamentalismo”, agora tamén relevante para o tema de discusión que nos atinxe. Por exemplo, para moitos occidentais hoxe en día, a palabra “fundamentalismo” fai axiña xurdir imaxes de extremistas islámicos, algo que é especialmente certo para a maior parte dos fundamentalistas cristiáns nos EE.UU. Non obstante, o termo foi orixinalmente creado por «unha rama dura dos protestantes evanxélicos para referírense a si mesmos na súa busca por recuperar ‘as esencias da Biblia’». <sup>(2)</sup> Con todo, mentres que algúns cristiáns evanxélicos seguen a aplicar o termo para si mesmos, o verdadeiro significado evolucionou ó longo do tempo e pode ter diferentes sentidos para distintas persoas e en contextos e circunstancias diferentes. É evidente que ocorreu o mesmo no caso do “excepcionalismo”, especialmente cando se refire ós Estados Unidos.

Lipset e Marks proporcionan a verdadeira fonte do termo “excepcionalismo americano” e a subsecuente a expansión do seu uso:

*O termo ‘excepcionalismo americano’, formulado por primeira vez por Tocqueville na década de 1830 e dende entón usado na análise xeral comparativa da sociedade, aplicouse con frecuencia despois da Primeira Guerra Mundial nos esforzos para explicar a debilidade do radicalismo das clases traballadoras nos Estados Unidos. [...] Para os radicais, o ‘excepcionalismo americano’ significaba en concreto: por que Estados Unidos, a única entre sociedades industriais, non tivo un movemento socialista significativo ou un partido laborista?*<sup>(3)</sup>

Así pois, igual ca “fundamentalismo”, vemos que hoxe en día o uso do termo “excepcionalismo americano” mostra un elevado grao de variación: evolucionou dende unha diferenza interna e político-ideolóxica entre EE UU e moitas das outras nacións desenvolvidas (a ausencia de socialismo) para incluír, como poderemos ver, os acordos políticos e institucionais, os nacionalismos e as súas repercusións, e outros grandes asuntos históricos e culturais. Pero, a diferenza do fundamentalismo, cuxa aplicación cambiou as relixións, o excepcionalismo nun contexto de relacións

(2) LIEVEN, Anatol: *America Right or Wrong: An Anatomy of American Nationalism*, Oxford University Press, New York, 2004, pp 126-127.

(3) LIPSET, Seymour Martin and MARKS, Gary: *It Didn't Happen Here: Why Socialism Failed in the United States*, W.W. Norton, New York, 2001, p15.

internacionais ou da política comparativa probablemente non cambiará os países ata que a próxima superpotencia xurda e isto non se deberá unicamente a un cambio nos gobernos de Estados Unidos.

Mentres que hai un amplo número de similitudes primordiais que unen os principais temas do excepcionalismo americano e, a pesar do feito de que existe unha diversidade no que respecta *de facto* á orixe do mesmo, atopamos varias observacións esenciais, accións e elementos que transcenden sobre todas as grandes **ideas consideradas individualmente** que aparecen en toda a bibliografía sobre o tema:

1) *Nacionalismo*. Non se pode negar que os americanos senten orgullo pola súa nación e que este nacionalismo dos Estados Unidos foi unha forza inevitable e aparente imparabile na política, historia e cultura americanas. Non sería moi controvertido afirmar que o 11-S e as reaccións de Bush conduciron a un rexurdimento do sentimento nacionalista e que este ascenso do nacionalismo radical é, en parte, o que separa ós Estados Unidos da ‘Europa pos-nacional’.<sup>(4)</sup> Os Estados Unidos vense a si mesmos coma o colectivo único entre as nacións, feito que serve a miúdo para alimentar unha imaxinería nacionalista universal e mesiánica.<sup>(5)</sup> O nacionalismo ritual esténdese pola cultura popular nos Estados Unidos e motiva que seis de cada dez americanos vexan a súa cultura coma superior ás do resto do mundo.<sup>(6)</sup> A pesar do escepticismo da maoría dos americanos sobre o seu propio goberno, están tamén moi orgullosos do seu *sistema* de goberno (pero non do *Estado*, que é moi excepcional).<sup>(7)</sup>

Moito antes do 11-S o nacionalismo xogaba un papel clave no referente a moitas das decisións políticas. No que atinxe á política exterior, o nacionalismo foi tradicionalmente explotado co propósito de construír o imperio, feito que impediu ós Estados Unidos coller todas as vantaxes da situación que se creou ó final da Guerra Fría e dificulta a comprensión americana das complexidades da actual «guerra contra o terrorismo».<sup>(8)</sup> En termos relacionados con asuntos domésticos e non políticos, o nacionalismo tivo tradicionalmente un papel que xogar na socialización e integración dos inmigrantes.<sup>(9)</sup>

Son, daquela, os Estados Unidos excepcionais debido ó seu nacionalismo ou pola influencia do nacionalismo sobre o que fan? En gran medida, isto depende de como sexa empregado polos que deseñan as políticas para influír sobre a poboación. A elección de Obama o ano pasado é evidente que non cambiará a visión nacionalista que ten o cidadán de a pé sobre as relacións internacionais. O que vai cambiar é o feito de que o nacionalismo xa non será manipulado polo presidente en exercicio co

(4) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., p1.

(5) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., p17.

(6) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., pp19-22.

(7) KING, Anthony: “Distrust of Government: Explaining American Exceptionalism”, in PHARR, Susan J. and PUTNAM, Robert D. (Eds.): *Disaffected Democracies*, Princeton University Press, Princeton, New Jersey, 2000, pp83-85.

(8) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., pp13-14, 24-27, 73; ANONYMOUS (SCHEUER, Michael): *Imperial Hubris: Why the West is Losing the War on Terrorism*, Brassey’s, Inc, Washington, DC, 2004, p 242.

(9) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., pp91-96; more generally, see HUNTINGTON, Samuel P.: “The Hispanic Challenge”, *Foreign Policy*, Num. 141, March/April 2004, pp30-45.

propósito de obter o apoio nas súas decisións políticas. Porén, ó igual que aconteceu na etapa de Clinton, a oposición republicana xa comezou o bombardeo dos medios de comunicación cunha retórica nacionalista para protestar polas moitas políticas do novo goberno, afirmando que a verdadeira meta de Obama é a de converter ós EEUU nun país socialista (o que sería, por suposto, moi antiamericano).

2) *Capitalismo*. A crenza no sistema capitalista, que se acastelou na psique americana, é a que leva sistematicamente ó electorado a ignorar o seus propios intereses económicos no momento de votar. Unha adhesión nacionalista cega ó sistema capitalista que non é para nada equitativo é a causa, descoñecida para aqueles que «andan á miñoca», que alimenta os medos das clases obreiras e dos brancos que viven no rural cuxa ira adoita ir dirixida contra os inmigrantes, os sindicatos ou algunhas outras ameazas *du jour*.<sup>(10)</sup> Hedges dedica un capítulo do seu libro *American Fascists* a unha estrambótica e ilóxica fusión do fundamentalismo americano contemporáneo, de base cristiá, e á «divina sanción do libre mercado, duns non impedidos beneficios e das máis voraces crueldades da globalización».<sup>(11)</sup>

É irónico que mentres as clases máis baixas temen as incertezas da economía, adoitan estar vehementemente en contra de calquera intervención do Estado que poida mellorar a súa situación. Isto, en gran medida, débese ó feito de que, nos Estados Unidos, unha porcentaxe relativamente pequena do electorado fai, en realidade, uso do que o Estado proporciona. Hai, xa que logo, pouca xente que depende dos servizos do goberno e tamén non hai moita fe en que o goberno poida mellorar de forma efectiva a calidade de vida dos seus cidadáns.<sup>(12)</sup> Isto facilita, ou quizais lle dá pulo a unha forma de individualismo do tipo “coida de ti mesmo” que está presente dende a chegada dos ingleses ó continente americano. Así, mentres a meirande parte da xente ten pouco abeiro das forzas capitalistas que son superiores, o achegamento minimalista do Estado facilitou a vehemencia do mercado libre, unha situación ben acaída para os negocios.<sup>(13)</sup> As clases medias e baixas teñen pouca voz e, con ela, fanse cada vez menos chamamentos para solicitar que o Estado interveña e cambie a situación, polo menos ata o inicio da recente crise económica.

No que atinxe ás relacións laborais nas empresas, os sindicatos escolleron hai tempo o camiño da negociación colectiva directa coa patronal, sen mediación política, feito que tamén impediu a intervención do Estado.<sup>(14)</sup> Semellante achegamento sempre beneficiou o Partido Republicano, favorable ós negocios, se ben na actualidade complica o papel que o goberno de Obama pode xogar, por exemplo, nas negociacións entre as tres maiores fábricas americanas de coches e o a *United Auto Workers Union*. E mentres a era da liberalización que comezou afouta co presidente Reagan

(10) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., pp7, 91-96.

(11) HEDGES, Chris: *American Fascists: The Christian Right and the War on America*, Free Press, New York, 2007, pp132-150, 157-163.

(12) KING, Anthony: Op. Cit., p80.

(13) KING, Anthony: Op. Cit., pp81-82.

(14) LIPSET, Seymour Martin and MARKS, Gary: Op. Cit., p53.

en 1981 pode estar chegando á súa fin, isto non se debe ó incremento do socialismo nos EE.UU., coma moitos conservadores aseguran, senón máis ben á ira do pobo contra os ricos e poderosos que son considerados como aqueles que se aproveitaron sen honradez das vantaxes do sistema capitalista para beneficiárense.

No grande deseño do excepcionalismo americano, ironicamente, o capitalismo agora xoga un papel menor ca en décadas pasadas. Isto non se debe ó afastamento americano del, malia que exista unha maior participación governamental na economía baixo a actual presidencia de Obama, senón que é o resultado do achegamento de Europa ó sistema, feito que fai ós Estados Unidos un pouco menos “excepcionais”. Os grandes partidos socialistas da Europa occidental movéronse cara á dereita no que atinxe ós temas económicos, abandonando moitos dos seus ideais anteriores.<sup>(15)</sup> Con todo, a forma de ser do capitalismo americano mantense como unha das principais razóns polas que os Estados Unidos aínda son considerados retrógrados por moitos europeos.<sup>(16)</sup> Pero en moitos sentidos, que o capitalismo sobrancee nos Estados Unidos está en consonancia cos valores da maioría branca e protestante, circunstancia que impediu o desenvolvemento de políticas colectivistas e a expansión do socialismo e asegurou a continuidade do excepcionalismo americano, sen importar quen sexa o presidente.<sup>(17)</sup>

3) *Relixión*. A relixión sempre xogou un papel fundamental na sociedade e contribúe na actualidade ó mantemento do excepcionalismo dos Estados Unidos. Lipset descríbeseos coma «o país máis relixioso da cristiandade, o único aínda fortemente influenciado polos valores morais e individuais da sectarismo protestante».<sup>(18)</sup> O último mandato de Bush non o puido mostrar dunha maneira máis clara. Un gran número de fontes recollidas na bibliografía tratan en certa medida coa relixión e, mentres que o protestantismo é a relixión máis representada nos Estados Unidos, cómpre salientar que a Igrexa Católica tamén contribuíu na evolución global do excepcionalismo americano.

Dende a fundación do que se converteu nos Estados Unidos de América, o país naceu da oposición ós gobernos europeos e contra a súa opresión. O pobo americano existía antes có seu goberno e, así reza o mito nacionalista, a xente era cristiá.<sup>(19)</sup> Esta forte relixiosidade protestante foi esencial para a creación e a perpetuación dun «credo americano» nacionalista que, asemade, foi un catalizador ideolóxico para a expansión americana. A violencia que tal expansión require adoitaba ser xustificada pola relixión.<sup>(20)</sup> Tempo había aínda pasar ata que, cando a emigración das clases obreiras católicas cara ós Estados Unidos se fixo masiva, a Igrexa Católica influen-

(15) LIPSET, Seymour Martin and MARKS, Gary: Op. Cit. pp273-278, ver tamén GIDDENS, Anthony: *The Progressive Manifesto: New Ideas for the Centre-Left*, Polity, London, 2003.

(16) MARKOVITS, Andrei S.: *Uncouth Nation: Why Europe Dislikes America*, Princeton University Press, Princeton, New Jersey, 2007, p21.

(17) LIPSET, Seymour Martin and MARKS, Gary: Op. Cit., 33-34, 160.

(18) LIPSET, Seymour Martin: “Still the Exceptional Nation?”, *The Wilson Quarterly*, Num. 24, Issue 1, Winter 2000, p41.

(19) KING, Anthony: Op. Cit., p79.

(20) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., pp96-105.

ciase o excepcionalismo americano. A Igrexa xogou un papel crucial no empeceamento da expansión do socialismo nos Estados Unidos, animando os católicos a se uniren ós sindicatos de traballadores no canto de apoiaren o máis amplo movemento socialista.<sup>(21)</sup>

Mais, hoxe en día, unha corrente do protestantismo converteuse na “relixión civil” da nación e este feito contribúe dunha maneira definitiva ó excepcionalismo americano.<sup>(22)</sup> É un paradoxo interesante que sexa este tipo de relixiosidade americana a que leve os europeos a considerar os Estados Unidos como “excepcional”, mentres que o mundo musulmán ve a cultura americana como demasiado secular.<sup>(23)</sup> Tales visións, que se basean en aspectos diverxentes da cultura estadounidense, non han cambiar nun futuro próximo. Tanto Bush coma Obama, aínda que diferentes, son ambos representantes desta relixión civil e participan nela. Calquera que pretenda conseguir un cargo político debe ser, abofé, cristián, preferiblemente non católico, se quere ter a oportunidade de gañar as eleccións para un cargo estatal. En realidade, o maior obstáculo relixioso que afrontou Obama no seu camiño ata a Casa Branca non foron os rumores de que era musulmán, senón o escándalo formado polas opinións políticas do seu pastor evanxélico, un teólogo afroamericano que acadou a súa madurez durante o “Movemento polos dereitos civís” e que foi durante moito tempo un duro crítico do goberno e da sociedade estadounidenses.

4) *Vitimismo*. Aínda que sería difícil cuestionar que o ascenso dos Estados Unidos ó *status* de superpotencia-unipolar se conseguiu sen ningún tipo de sacrificio, é innegable que a psique colectiva dos americanos non coñece o sentimento de humillación e derrota. Non obstante, falando en xeral, un profundo sentimento de medo existencial impregna a sociedade americana. As ameazas son abundas. Algunhas veces hai moreas delas lonxe e outras veces a rentes.

Debido a este estado virtual de paranoia colectiva, os Estados Unidos están definidos pola *reacción*.<sup>(24)</sup> Tal sentimento leva a unha reacción desmesurada cando se responde ás crises, sentimento que é aumentado pola memoria a curto prazo dos americanos en xeral e pola ausencia de ningún concepto de sacrificio, especialmente dende a Segunda Guerra Mundial.<sup>(25)</sup> Ortega y Gasset afirmou hai case 80 anos que, pola falta de historia, experiencia e sufrimento, é imposible que os americanos posúan as virtudes do mando.<sup>(26)</sup> Por outra banda, Frank escribe sobre o «narcisismo» e sobre as «morbosas fantasías» do vitimismo que percorren ese sector conservador da sociedade americana, sempre en crecemento, que escusa os fracasos e xustifica

(21) LIPSET, Seymour Martin and MARKS, Gary: Op. Cit., pp147-154.

(22) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., pp54-5. The term “civil religion” is Lieven’s, but the overarching concept is the thesis of Hedges’ *American Fascists*.

(23) MARKOVITS, Andrei S.: Op. Cit., p146

(24) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., p124.

(25) PEI, Minxin: “The Paradoxes of American Nationalism”, *Foreign Policy*, Num. 136, May/June 2003, pp30-37.

(26) ORTEGA Y GASSET, José: *The Revolt of the Masses*, W.W. Norton, New York, 1930 (1993), pp138-139.

a furia dos Estados Unidos.<sup>(27)</sup> Lieven describe a América como poderosa pero sen sentido da responsabilidade, algo que considera unha perigosa combinación.<sup>(28)</sup>

O “sur americano” coñece ese sentimento de derrota, aínda que de mans dos seus compatriotas na Guerra Civil. Mais hoxe en día, como a «cultura do sur» é cada vez máis exportada ó resto dos Estados Unidos, tamén o son eses sentimentos de derrota e de indignación.<sup>(29)</sup> Este sentido de autoafirmación nun mundo perigoso cheo de ameazas percibidas facilita a actitude do «nós contra eles», exemplificada pola retórica de George W. Bush despois do 11-S e, especialmente, durante a preparación da invasión de Iraq.<sup>(30)</sup>

Porén, os infundados temores sobre o “exterior” do presidente Bush non son nada novo. Comezando pola Primeira Guerra Mundial, por exemplo, moitos estadounidenses enxergaron o socialismo como unha nova ameaza antiamericana, importada polos emigrantes.<sup>(31)</sup> Consonte algúns protestantes fundamentalistas, eles mesmos son unha minoría perseguida nos Estados Unidos; aseguran estar baixo a ameaza constante e existencial que supón a presenza dos medios de comunicación, dos políticos liberais e do «estilo de vida homosexual».<sup>(32)</sup> Isto levou ós nacionalistas conservadores a lideraren a carga para «recuperaren América».<sup>(33)</sup> O máis irónico é que moitos deses políticos conservadores tratan de rescatar América do goberno en que eles mesmos participan.

Un exemplo perfecto da hipocrisía do vitimismo é o debate en Estados Unidos sobre as raíces da violencia que actualmente se observa na fronteira con México. A simple mención por parte de Hillary Clinton, nunha recente visita a México, de que a innegable demanda nos Estados Unidos de drogas de contrabando procedentes da América latina é parte do actual problema escandalizou os comentaristas e políticos conservadores, que vían o problema do consumo de drogas e dos conseguíntes problemas sociais como responsabilidade do provedor, o que semella pasar por alto un dos paires básicos do capitalismo (oferta e demanda) que tan ferventemente defenden. Talvez isto implique que os Estados Unidos han romper cun pasado de superioridade moral, actuarán como un verdadeiro líder das nacións no mundo e afrontarán os problemas de boa fe e con honradez para poder procurar mellores solucións, tal e como Obama o intenta facer en educación e nas reformas económicas. Porén, se cadra Obama só forneza un sentimento de forza e inspiración para os tempos que corren e os futuros presidentes volvan confiar na vitimización para darlles pulo ós seus proxectos políticos.

(27) FRANK, Thomas: *What's the Matter with Kansas? How Conservatives Won the Heart of America*, Metropolitan Books, New York, 2004, pp157-59.

(28) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., p14.

(29) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., pp107-108, 139.

(30) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., pp129-130. “Non sorprende, polo tanto, que Bush, que naceu no Estado nortño de Connecticut, se presente a si mesmo como un típico texano”.

(31) LIPSET, Seymour Martin and MARKS, Gary: Op. Cit., pp184-192.

(32) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., p138; HEDGES, Chris: Op. Cit., pp95-112.

(33) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., pp91-92.

5) *Desconfianza do goberno*. Os americanos teñen unha clara tendencia a non confiar en nada que 'o goberno' faga, diga ou represente. Por suposto, este sentimento non é compartido por todos os americanos, pero é tan forte que asignalo á facción conservadora ou á libertaria sería un erro. Co paso dos anos, os americanos perderon moita confianza no goberno. Mentres que de cando en cando se produce unha perda literal de confianza, como por exemplo despois de perderen a guerra de Vietnam e o escándalo Watergate, ou máis recentemente polas secuelas do furacán Katrina no 2005, esta desconfianza tamén se converte en temor por unha crecente interferencia do goberno na vida diaria das persoas.<sup>(34)</sup> Se ben isto pode estar relacionado co individualismo protestante e co feito de que Estados Unidos naceu en resposta á opresión das monarquías europeas, hoxe en día esta desconfianza roza a paranoia.<sup>(35)</sup>

Ó mesmo tempo, é bastante irónico que, mentres moitos americanos temen tanto o seu propio goberno, se sintan extremadamente orgullosos do seu sistema político e a miúdo ignoren por completo as súas complexidades.<sup>(36)</sup> Así que, mentres unha gran parte da sociedade americana recea profundamente do seu goberno, unha porcentaxe aínda meirande ve o seu país intrinsecamente bo. O grande paradoxo é que os americanos desconfían e non comprenden o seu propio goberno, pero ó mesmo tempo senten que o seu interese nacional, que é formulado, protexido e apoiado polo mesmo goberno no que desconfían, é tamén bo, civil, e actúa asemade no interese da humanidade, sendo así mundialmente exportable e reproducibile en calquera lugar do mundo.<sup>(37)</sup>

Non obstante, coma con moitas destas manifestacións do excepcionalismo, tanto a confianza coma a sospeita dependen da ideoloxía política do observador. Amplos sectores da sociedade americana confiaban plenamente en George W. Bush despois do 11-S. A manipulación desta confianza cega facilitou enormemente os agora desastrosos plans militares en Afganistán con tan poucas tropas e a invasión de Iraq.<sup>(38)</sup> Non deberíamos esquecer que a confianza da sociedade americana permitiu a meirande intromisión do poder estatal sobre os dereitos civís e un gran aumento da débeda nacional durante o goberno de Bush. A actual oposición conservadora confía agora no tradicional receo do goberno para obstaculizar os intentos de Obama de mellorar a economía de EE UU, que son tachados de intentos socialistas de aferrarse ó poder e de gastos innecesarios.

6) *O sistema de goberno*. Sen dúbida ningunha, a combinación do bipartidismo americano, dividido en faccións, e dun sistema de goberno federalista é a

---

(34) KING, Anthony: Op. Cit., pp77, 86-91

(35) KING, Anthony: Op. Cit., p79. En *American Fascists* de Hedges hai un constante comentario sobre como o movemento evanxélico/fundamentalista avoga polo temor e pola desconfianza do movemento secular de Estados Unidos.

(36) KING, Anthony: Op. Cit., pp83-85, 92.

(37) PEI, Minxin: Op. Cit., pp30-37.

(38) FISHER, Louis: "Deciding on War Against Iraq: Institutional Failures", en SHAPIRO, Robert Y. (Ed.): *The Meaning of American Democracy*, The Academy of Political Science, New York, 2005, pp115-136.

única contribución ó excepcionalismo americano.<sup>(39)</sup> O feito de que tantos americanos sintan que a súa relación co Estado non sexa moi produtiva, xunto coa separación de poderes do ramificado sistema de goberno, así coma a estratificación das administracións estatal e local supón que o goberno nos Estados Unidos funcione máis coma un foro, un espazo de interacción, ca coma unha institución, especialmente dedicado ós milleiros puntos de contacto que existen entre o pobo e o goberno. Isto fomentou un clima empresarial litixioso nos Estados Unidos a medida en que a relación entre as empresas e o goberno se foi volviendo antagónica, xa que os empresarios habitualmente sobardan a liña da legalidade na atmosfera estratificada, ambigua e a miúdo confusa na que operan.<sup>(40)</sup>

Ademais das particularidades da estrutura institucional do sistema político americano que favoreceron a clase empresarial, un selecto grupo da sociedade americana tiña garantidos dereitos políticos e sufraxio moito antes ca en Europa, o que consecuentemente impediu o desenvolvemento viable dun partido socialista ou dos traballadores nos Estados Unidos; a aparición dos dous principais partidos tamén contribuíu ó mantemento hoxe do excepcionalismo.<sup>(41)</sup> O desenvolvemento do sistema federal americano tamén limitou o papel que o goberno federal pode xogar como medio para o cambio social.<sup>(42)</sup> Os sistemas de goberno electoral e presidencial exacerban esta situación, xa que limitan a capacidade de influíren que teñen os pequenos partidos e dificultan que se aproveiten electoralmente as vantaxes xeográficas, que logo dependen dunha mera maioría relativa para elixir o presidente.<sup>(43)</sup> O regalo do sufraxio temperán tamén impediu o aumento da conciencia de clases e das súas demandas e, como os partidos políticos existían antes cos sindicatos, estes buscaban negociar directamente coa patronal e non un cambio político a través dos partidos e así, por extensión, do goberno.<sup>(44)</sup> A flexibilidade dos partidos foi tamén crucial para o mantemento do excepcionalismo americano, pois os dous maiores partidos foron quen de se adaptaren e de captaren votantes e, namentres, os sindicatos decidiron xogar neste sistema e nunca procuraron crear un terceiro partido.<sup>(45)</sup>

O golpe na caluga do socialismo nos Estados Unidos foi a cooptación de F.D. Roosevelt na esquerda durante a Depresión, que uniu con eficacia os sindicatos ó Partido Demócrata.<sup>(46)</sup>

(39) KINGDON, John W.: *America the Unusual*, Worth Publishers, New York, 1999p7-22; ALDRICH, John H.: *Why Parties? The Origin and Transformation of Political Parties in America*, University of Chicago Press, Chicago, 1995, pp3-63; HUNTINGTON, Samuel P.: "Political Modernization", Op. Cit.

(40) KING, Anthony: Op. Cit., pp80-85.

(41) LIPSET, Seymour Martin and MARKS, Gary: Op. Cit., pp36-37, 58-62, and 64-67.

(42) LIPSET, Seymour Martin and MARKS, Gary: Op. Cit., p53; see HUNTINGTON, Samuel P.: "Political Modernization", Op. Cit.; KINGDON, John W.: Op. Cit.

(43) LIPSET, Seymour Martin and MARKS, Gary: Op. Cit., pp43-57.

(44) LIPSET, Seymour Martin and MARKS, Gary: Op. Cit., pp58-62.

(45) Aldrich trata sobre a aplicabilidade da lei de Duverger na democracia pluralista de EE UU e sobre como esta asegurará a perpetuidade do sistema bipartidista. (ALDRICH, John H.: Op. Cit., p25).

(46) LIPSET, Seymour Martin and MARKS, Gary: Op. Cit., pp68-74.

A pesar da afirmación por parte de moitos conservadores de que Lenin e Stalin se aledarían da elección de Obama como presidente e do seu temor de que marque o comezo do Socialismo nos EE UU ou, por outra banda, a esperanza de moitos na esquerda americana, así como en Europa, de que Obama represente un novo tipo de ilustración liberal, o sistema político americano está ben asentado e non trocará a ideoloxía política en ningún sentido a curto prazo. O feito positivo que debemos ter en conta é que este mesmo sistema lle impediu a George Bush causar máis dano do que causaría doutro xeito durante o seu mandato. O feito é que, sexa quen for o presidente, o sistema continuará tal e como o coñecemos no futuro inmediato.

7) *A escisión entre tradición e modernidade.* Outra gran ironía, á parte do amor/odio que lle teñan os americanos ó seu goberno e ó seu sistema político, é que, mentres os Estados Unidos son un país relativamente novo no mundo occidental, o seu sistema constitucional estivo en vigor durante máis tempo ca en calquera outro Estado occidental. Lieven observa a relación contraditoria entre o tradicional e o moderno na súa análise permanente das «dúas almas do nacionalismo americano», en que EE UU está profundamente conectado coas súas raíces ideolóxicas, se ben é tamén a sociedade máis moderna no mundo.<sup>(47)</sup> Este conflito débese ó feito paradoxal de que Estados Unidos é un Estado moderno desde a súa creación, segundo os principios da Ilustración, pero os americanos de hoxe miran a fundación do país cunha nostalxia que botan ó remollo na mesma desfasada tradición da que os “pais fundadores” procuraran evolucionar. A temperá introdución de modernas institucións coma o sufraxio e os partidos políticos no medio do Antigo Réxime fomentou un medo existencial á ideoloxía occidental do socialismo moderno. Ademais, o individualismo moderno proporcionado polo sufraxio e a libre asociación en partidos políticos complementou o capitalismo moi ben. É esta mestura moderna de liberdade e capitalismo a que perpetúa a modernidade aínda máis. Pero, ironicamente, a modernidade é temida ó mesmo tempo pola meirande parte dos americanos, especialmente polos conservadores, pois non poden comprender que a súa propia historia e evolución exprese unha ideoloxía e xeito de pensar tan modernos. Isto débese a que moitos americanos teñen un concepto falso e idealizado do que é tradicional, especialmente no que se refire á súa historia política. E non comprenden, por exemplo, como pode ser que o capitalismo mesmo prexudique os intereses dos americanos. Non poden chegar a comprender por completo como as consecuencias e repercusións do neocapitalismo supoñen e perpetúan case todas as modernas ameazas ás que tanto temen, como a inmigración, a maior participación governamental na sociedade ou, *grosso modo*, a ideoloxía liberal.<sup>(48)</sup>

(47) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., pp4-10.

(48) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., pp93, 123-127. Este choque entre tradición e modernidade, que levou a unha “cultura de contragolpe” fronte a tal ameaza é a tese de Frank’s en *What’s the Matter with Kansas?*. Unha achega de particular interese para nós atópase na páxina 162: “One source of conservatism’s considerable power ... is its airtight explanation of reality, its ability to make sense of the average person’s disgruntlement while exempting laissez-fair capitalism from any culpability.” FRANK, Thomas: Op. Cit.

É moi doado etiquetar a George W. Bush de tradicional e a Barack Obama de moderno, como personificacións desta simple mais profética dicotomía. Asemade, sería un erro drástico asumir que a elección de Obama representa unha ruptura permanente co tradicional e un salto á modernidade política occidental por parte dos EE UU. Se acaso, a gran oscilación ideolóxica de Bush a Obama non é máis ca a evidente e incerta comprensión que ten América da súa propia identidade política. Tanto a sociedade coma o sistema político en si mesmo asegurarán a conservación desta estraña dualidade, que é unha das meirandes curiosidades do excepcionalismo americano.

8) *A importancia da clase media.* Esta estraña interacción entre o tradicional e o moderno no contexto dun sistema capitalista onnipotente tivo tamén un resultado estraño, ilóxico e paradoxal: a case obsesión coa clase media. Semella que moitos dos factores aquí analizados coma o protestantismo, o vitimismo e o paradoxo tradición/modernidade impediron que a sociedade americana, polo xeral, aceptase a súa riqueza. Ou, máis precisamente, son os ricos, que non coñecen o significado de traballar, os que menosprezan os pobres que, segundo eles, non aproveitan os beneficios que o capitalismo supostamente lles ofrece a todos por igual, habitualmente desdeñados pola clase media. Porén, os ricos son ás veces venerados polo seu éxito no sistema capitalista, se ben ás veces son menosprezados pola súa arrogancia e polo abuso do sistema, especialmente en épocas de crise, coma agora. A clase media, polo tanto, volveuse unha compoñente ideolóxica conformista e unificadora do nacionalismo americano que ignora, cando lle convén, a realidade dos amplos estratos sociais, que son o resultado do capitalismo que tanto adoran.

Como xa se mencionou, Lieven fala dunha corrente de nacionalismo protestante centrista en Estados Unidos coma a ‘relixión cívica’. Mais esta relixión civil é perigosa, xa que leva ó conformismo, afoga o debate na sociedade e sempre aumenta con calquera outro sentimento nacionalista máis forte.<sup>(49)</sup> Tal conformismo depende dos mitos nacionais, como a noción de tradición, antes explicada, que se toman como naturais e ignoran os feitos históricos, aínda que son necesarios debido á diversidade e ás divisións culturais da sociedade americana.<sup>(50)</sup> Este mito nacional, tal e como o describen Lipset e Marks, foi mobilizado a través da historia americana contra o socialismo. Ideoloxicamente forma parte da gran clase media e, segundo Lieven, debe perpetuar o credo nacionalista. Na práctica, non obstante, estas divisións tamén acontecen nos ámbitos económico e social.

En resumo, o mito da clase media simplemente fai máis doado ignorar a dura realidade dunha forte desigualdade económica, nunha escala incomparable co resto do mundo desenvolvido. Mentres que é de suma importancia formar parte da clase media para unha mente nacionalista, a clase media non implica en absoluto igualdade de oportunidades. Lieven e Frank decátanse do relativo declive das clases medias

(49) LIEVEN: *Anatol: Op. Cit.*, pp52-56.

(50) LIEVEN: *Anatol: Op. Cit.*, pp59-62.

como fonte de frustración para moitos americanos. Porén, moitos dos afectados non ven as enfermidades do lado negro do capitalismo que os dana. En Estados Unidos, o termo ‘clase media’ non é nada apropiado, pois o igualitarismo económico non forma parte do mito nacionalista.<sup>(51)</sup> A inclinación americana á meritocracia amosa o excepcionalismo americano e asegura a meirande desigualdade na distribución da riqueza no mundo desenvolvido.<sup>(52)</sup> O feito de que as clases sociais non sexan aparentemente obxecto de debate na sociedade americana, pois calquera que decida abrazar a ideoloxía nacionalista, por pobre que sexa, podería formar parte da ‘clase media’, é, sen dúbida ningunha, un bo exemplo do imperecedeiro exemplo do excepcionalismo americano. Esta realidade non cambiará por moito que Obama fose elixido presidente.

### III. As compoñentes ideolóxicas básicas do excepcionalismo

Nesta penúltima sección desta crítica ó excepcionalismo americano, procuro identificar e illar catro características e motivos clave comúns na documentación bibliográfica que producen os excepcionais comportamentos dos Estados Unidos antes mencionados e que contribúen e afirman a validez global da realidade do excepcionalismo estadounidense antes, durante e após a presidencia de George W. Bush. Coma no caso da anterior lista de manifestacións comúns do excepcionalismo, esta probablemente non inclúa todo, nin tampouco se pode explicar o excepcionalismo americano a través de ningún destes fenómenos en por si. O que por sorte pronto será innegable na mente do lector é que esas características da sociedade americana están presentes e confirman o excepcionalismo dos Estados Unidos no conxunto das democracias occidentais, independentemente do liderado presidencial.

1) *Individualismo*. O papel do individualismo na psique dos americanos explica e produce moitas das características arriba numeradas e contribúe en grande medida á explicación de por que o caso dos Estados Unidos é único entre as democracias occidentais. Institucionalmente, desde a súa concepción, o goberno dos Estados Unidos tivo unha circunscrición moi limitada. Desde o punto de vista dos electores, ter pouco contacto co goberno non pode fomentar moita dependencia del. A falta dunha pasada experiencia feudal nos Estados Unidos marcou a súa evolución (en concreto no que se refire á ausencia de conciencia de clase e á falta dun partido obreiro) e de seguro que lle debe moito ó antigo sentimento individualista americano.<sup>(53)</sup> Tanto Lipset coma Marks ou Lieven observan a importancia da vida rural e da expansión territorial nos primeiros anos da historia de Estados Unidos e como os

---

(51) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., p49.

(52) LIPSET, Seymour Martin: Op. Cit., pp41-42.

(53) LIPSET, Seymour Martin and MARKS, Gary: Op. Cit., pp15-17; HUNTINGTON, Samuel P.: “Political Modernization”, Op. Cit., pp405-406.

que vivían na fronteira eran fortes individualistas.<sup>(54)</sup> Ó que o país se industrializaba, Lieven tamén notou a evolución dos valores dos produtores na sociedade americana que era e é abertamente hostil a todos os elementos parasitarios da sociedade, que eran vistos como dependentes do goberno.<sup>(55)</sup> Mais este sentimento individualista, en realidade, une o país en gran medida. Son os valores nacionalistas e absolutistas os que non implican igualitarismo; mentres non sexa coercitivo, moitos abrázano e todos consideran unha traizón o seu abandono.<sup>(56)</sup> Esta ideoloxía está profundamente arraigada na sociedade, non cambiará polo de agora e sen dúbida contribúe en gran medida a moitas das manifestacións do excepcionalismo americano.

2) *Escepticismo xeral e desconfianza*. Unha manifesta desconfianza cara ó Estado foi unha característica particularmente común na sociedade a través da historia, pero é lóxica pois os que fundaron o goberno tiñan ganas de limitar a súa influencia.<sup>(57)</sup> O receo da sociedade é esencial para comprender por que o socialismo nunca xermolou con éxito nos Estados Unidos nos séculos XIX e XX, nin o fará no XXI.

Por iso, amplos sectores (maiormente conservadores) da sociedade americana están continuamente en garda para a próxima gran ameaza ós Estados Unidos e serán tamén para sempre as vítimas de calquera ameaza, imaxinaria ou non. Esta desconfianza é fonte e motivo do nacionalismo cego, da relixiosidade inflexible e do temor á modernidade, por exemplo. Ademais, sexan comunistas, socialistas, terroristas, homosexuais, elites liberais, europeos, ou o propio goberno federal dos Estados Unidos, a sociedade americana sempre desconfiará de alguén ou de algo que represente unha ameaza inminente ou existencial para a nación, que debe ser considerada altamente sospeitosa se non militarmente destruída.

3) *Paradoxos e hipocrísia*. Non hai ningún outro par de palabras que defina correctamente o xeito ilóxico co que Estados Unidos se relaciona co resto do mundo, ou incluso como o país se ve a si mesmo. A sociedade americana non sabe moi ben como conciliar a relación entre a súa propia historia política e tradición e o seu papel fundamental de protagonista no mundo político moderno. Os propios americanos non ven como o seu apoio ó capitalismo radical prexudica as súas propias vidas. Teñen que traballar cada vez máis duro para obteren os mesmos resultados económicos do pasado recente ou doutras partes do mundo industrializado. Demonizan a ameaza do día, inconscientes do feito de que o seu sistema económico e político os retén e

(54) See LIPSET, Seymour Martin and MARKS, Gary: Op. Cit., pp138-141 para unha discusión sobre os inmigrantes alemáns en EEUU; nun ambiente urbano había máis probabilidades dunha orientación socialista ca nas áreas rurais. Lieven describe o papel do individualismo en “Jacksonian” e da fronteira na historia de EEUU (LIEVEN: Anatol: Op. Cit., pp96-105).

(55) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., pp97-98.

(56) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., pp48-50.

(57) Se ben si houbo conflitos durante o proceso da elaboración da Constitución estadounidense, estes estaban na súa meirande parte reservados a temas de menor importancia ou materiais. Os participantes dese gran debate estaban unidos no nivel máis elevado, filosófico ou constitucional, que é proba dunha unidade ideolóxica presente na fundación da **nación**. (See JILLSON, Calvin C. and EUBANK, Cecil L.: “The Political Structure of Constitution Making: The Federal Convention of 1787”, *American Journal of Political Science*, Vol. 28, Num. 3, August 1984, pp435-458.)

asemede perpetúa as ameazas que perciben, como é o caso da inmigración.<sup>(58)</sup> Canto ós paradoxos políticos, o nacionalismo influíu nas decisións de política exterior que son paradoxalmente prexudiciais a longo prazo para o interese do país. Estados Unidos perdeu innumerables oportunidades para mellorar o benestar social e para encabezar un liderado mundial respectable e lexítimo, coma as que se lle presentaron ó rematar a Guerra Fría e despois do 11-S.

Finalmente, na meirande sociedade capitalista e individualista do mundo, na que a libre elección debería ser primordial, non hai variedade de ideas. Isto débese a que hai unha oligarquía alimentada polo nacionalismo, polo capitalismo, pola relixión e polo individualismo que toma como refén o mercado das ideas políticas admisibles. O conformismo nacionalista afoga o debate político por completo e contribúe á incapacidade de América de entenderse a si mesma e a súa propia historia.<sup>(59)</sup> Pero, non obstante, Estados Unidos resérvase o dereito e ten o poder de actuar de 'internacionalista revolucionario'.<sup>(60)</sup> América así o fixo cun éxito mínimo na declaración da Doutrina Monroe, o Corolario de Roosevelt e máis recentemente coa, sen dúbida, pouco práctica Estratexia de Seguridade Nacional do 2002. Non se pode supoñer que, chegado o caso, Obama sexa incapaz de cometer similares erros hipócritas e irracionais.

4) *Rixidez e adhesión acérrima ás crenzas e ideais.* Por último, outra característica común que percibín é que en Estados Unidos hai instalada polo xeral unha forte adhesión ás crenzas e acordos instalados na sociedade. É sinxelo chegar a ser americano. Todo o que tes que facer é abrazar o credo nacionalista. É esta adhesión acérrima ós ideais capitalistas o que fixo que o socialismo non agromase do mesmo xeito nos Estados Unidos ca en Europa. Doutra banda, é tamén esta tendencia a tal rixidez a que lles impediu ó socialismo (e ós socialistas) de EE UU modificaren os propósitos xerais do partido para participaren dun xeito máis activo no sistema político americano, ou para incluso pactaren cos sindicatos por ese motivo.<sup>(61)</sup>

Semellante achegamento inquebrantable e estático á vida e á política preservará o nacionalismo americano, o sistema capitalista, a influencia do protestantismo, a inclinación polo vitimismo, a desconfianza do goberno, o sistema político bipartidista, a desavinza entre a tradición e a modernidade e a fachada dunha clase media real.

O conxunto destas catro características, pero cunha especial consideración ó derradeiro punto, lévame a concluír que unha das maiores manifestacións do excepcionalismo americano, que se debería engadir ás que xa aparecen na segunda parte deste artigo, é a repetición continuada de obxectivos inacadables tanto por

(58) LIEVEN: Anatol: Op. Cit.; HATTON, Timothy J. and WILLIAMSON, Jeffrey G.: *Global Migration and the World Economy: Two Centuries of Policy and Performance*, The MIT Press, Cambridge, Massachusetts, 2005, pp393-400. HUNTINGTON, Samuel P.: "Hispanic Challenge", Op. Cit. proporciona un exemplo orixinal dese medo.

(59) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., pp56-58; ANONYMOUS (SCHEUER, Michael): Op. Cit., pp163-260.

(60) LIEVEN: Anatol: Op. Cit., pp80-81.

(61) LIPSET, Seymour Martin and MARKS, Gary: Op. Cit., pp168-179.

parte dos políticos coma da sociedade civil. É este un tema que xa foi mencionado por varios autores nas súas obras, mais que só aclaran superficialmente, en rápidas referencias a acontecementos concretos. Por exemplo, Lieven e Frank fan referencia ós esforzos duns americanos, motivados por sentimentos relixiosos, en rematar coa práctica do aborto nos Estados Unidos. Frank afirma explicitamente que, aínda que isto sexa imposible, ós que apoian a abolición do aborto «non lles parecen importar os obxectivos materiais».<sup>(62)</sup> Isto non quere dicir que os americanos se propoñan fracasar nos seus intentos; de ningún xeito. **Non se emprendeu nada desde a Guerra Contra as Drogas de Nancy Reagan ata a Guerra do Terror de George W. Bush porque a meta fose fracasar**, senón máis ben porque os dous se alimentan de tal certeza e convicción que os líderes estadounidenses non poden comprender que gañar, no senso dunha vitoria material, é imposible. Tan profundo fariseísmo tamén lle impide a un ver con claridade e nin falemos de aprender das loucuras e erros de cada un. É a cruz de soportar o que coa razón se procura, non necesariamente no sentido relixioso pero abofê que nunha perspectiva ideolóxica. Mesmo con todo o poder do optimismo, preocúpame que Obama erixa agora o mesmo estandarte de seguridade durante unha nefasta crise económica.

#### IV. Conclusión: o excepcionalismo do século XXI

A segunda sección deste artigo comezaba cunha discusión sobre o fundamentalismo e como o significado da palabra foi evolucionando ó longo do tempo, cambiando dunha relixión a outra. Sería interesante considerar como o concepto do excepcionalismo cambiará en termos prácticos e como evolucionará a súa percepción. Tamén debido á adaptación ó capitalismo dos principais partidos socialistas e obreiros da Europa occidental, Lipset e Marks cuestionan a existencia do excepcionalismo americano ó preguntárense se realmente «seguíu o seu curso».<sup>(63)</sup> Se consideramos o sistema político estadounidense, en conxunción coa desconfianza cara ó goberno e a inclinación á seguridade moral, tal excepcionalismo como o coñecemos persistirá, a pesar da política económica. Non obstante, tal e como podemos ver nas diferenzas entre Bush e Obama, o excepcionalismo vai e vén ciclicamente co tempo. Mais se as manifestacións do excepcionalismo americano que aquí identifico se esvaeecen de verdade, daquela as observacións de Markovit sobre un sentimento europeo de anoxo contra os Estados Unidos será discutible. Kingdon asegúranos que é pouco probable que as actuais institucións políticas americanas sufran cambios profundos, polo que se podería argumentar que a outros países lles sería máis doado acabar sendo coma os Estados Unidos que a estes deixar de ser tan “excepcionais”. Doutra banda, a luz ó final do túnel da era de Bush podería demostrar ser unha luz “de oportunidade” para

(62) FRANK, Thomas: Op. Cit., p. 96.

(63) LIPSET, Seymour Martin and MARKS, Gary: Op. Cit., pp. 273-278.

o goberno e para a sociedade americana. As eleccións do 2008 déronlle a oportunidade a un xove presidente Obama de conducir os Estados Unidos nunha nova dirección. A cuestión é como se arranxará este novo líder con tódalas realidades que exhibe o excepcionalismo americano, simplemente no que atinxe á rixidez da política interior e ó clima social. Son reservado no meu optimismo debido á cantidade de obstáculos ós que se enfrenta.

Tamén é posible que a idea do excepcionalismo en xeral siga o seu curso, pois a globalización integra e homoxeniza o mundo. Pero se ben non hai sinal de que os trazos xerais aquí analizados desaparezan necesariamente, o futuro é, coma sempre, impredecible. A China podería facer que este debate non tivese ningún valor se, como parece, a idea do «excepcionalismo chinés», como un exemplo híbrido de comunismo e de capitalismo que compite con Occidente e inflúe nel, resulta un novo tema de análise. Isto tamén nos debería indicar, especialmente ós expertos en ciencia política americanos que teñen poucos coñecementos da política do resto do mundo, mais que continúan a documentar o excepcionalismo estadounidense, que o excepcionalismo en si mesmo non é probablemente nada máis ca a representación do poder político e do protagonismo internacional. A extinción do excepcionalismo americano terá menos que ver con Obama e máis coa realidade cambiante definida polas crises da nova xeopolítica emerxente deste século que aínda acaba de comezar.

---

*Jared D. Larson* é investigador asociado do IGADI, doutorando en Ciencia Política e Relacións Internacionais na Delaware University.

**Tradución: Hugo Martínez Andrade e Patricia Insúa Langarón**

## Bibliografía

- ALDRICH, John H.: *Why Parties? The Origin and Transformation of Political Parties in America*, University of Chicago Press, Chicago, 1995.
- ANONYMOUS (SCHEUER, Michael): *Imperial Hubris: Why the West is Losing the War on Terrorism*, Brassey's, Inc, Washington, DC, 2004.
- FISHER, Louis: "Deciding on War Against Iraq: Institutional Failures", in SHAPIRO, Robert Y. (Ed.): *The Meaning of American Democracy*, The Academy of Political Science, New York, 2005.
- FRANK, Thomas: *What's the Matter with Kansas? How Conservatives Won the Heart of America*, Metropolitan Books, New York, 2004.
- GIDDENS, Anthony: *The Progressive Manifesto: New Ideas for the Centre-Left*, Polity, London, 2003.
- HATTON, Timothy J. and WILLIAMSON, Jeffrey G.: *Global Migration and the World Economy: Two Centuries of Policy and Performance*, The MIT Press, Cambridge, Massachusetts, 2005.
- HEDGES, Chris: *American Fascists: The Christian Right and the War on America*, Free Press, New York, 2007.
- HUNTINGTON, Samuel P.: "Political Modernization: America vs. Europe", *World Politics*, Num. 18, April 1966, 559-591.
- HUNTINGTON, Samuel P.: "The Hispanic Challenge", *Foreign Policy*, Num. 141, March/April 2004, pp30-45.
- JILLSON, Calvin C. and EUBANK, Cecil L.: "The Political Structure of Constitution Making: The Federal Convention of 1787", *American Journal of Political Science*, Vol. 28, Num. 3, August 1984, pp435-458.
- KING, Anthony: "Distrust of Government: Explaining American Exceptionalism", in PHARR, Susan J. and PUTNAM, Robert D. (Eds.): *Disaffected Democracies*, Princeton University Press, Princeton, New Jersey, 2000.
- KINGDON, John W.: *America the Unusual*, Worth Publishers, New York, 1999.
- LIEVEN, Anatol: *America Right or Wrong: An Anatomy of American Nationalism*, Oxford University Press, New York, 2004.
- LIPSET, Seymour Martin: "Still the Exceptional Nation?", *The Wilson Quarterly*, Num. 24, Issue 1, Winter 2000, pp. 31-45.
- LIPSET, Seymour Martin and MARKS, Gary: *It Didn't Happen Here: Why Socialism Failed in the United States*, W.W. Norton, New York, 2001.
- MARKOVITS, Andrei S.: *Uncouth Nation: Why Europe Dislikes America*, Princeton University Press, Princeton, New Jersey, 2007, p21.
- ORTEGA Y GASSET, José: *The Revolt of the Masses*, W.W. Norton, New York, 1930 (1993).
- PEI, Minxin: "The Paradoxes of American Nationalism", *Foreign Policy*, Num. 136, May/June 2003, pp30-37.

# Biblioteca de China Contemporánea

